

ZAMBRANO E DIESTE, EXTRAÑOS CENTAUROS

MARÍA LEYRA

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Agárdase amosar o período de xestación e posterior confluencia das obras dos dous pensadores republicanos Rafael Dieste e María Zambrano, a importancia salientable do momento histórico vivido e as súas diferentes respostas intelectuais dende o foco privilexiado das respectivas traxectorias. A hipótese da cal se parte abrangue a tese de que os autores estudados desenvolven unha obra que responde claramente a unha necesidade apremante: arranxar problemáticas sociais e políticas xunto co intento de acadar unha narrativa coherente que sirva para superar os erros acontecidos por mor dunha razón incapaz de facer fronte aos novos retos. A elección temática e a análise de determinados personaxes ponnos no vieiro dun saber que, sendo novo, non deixa de ser renovación de intereses e temáticas enraizadas na nosa cultura mais procedentes de canles subterráneas.

PALABRAS CHAVE: María Zambrano; Rafael Dieste; razón poética; Segunda República Española e Guerra Civil; suxeitos descentrados.

ZAMBRANO AND DIESTE, STRANGE CENTAURS

ABSTRACT: This paper considers the period of development and subsequent convergence of the works of the two Republican thinkers, Rafael Dieste and María Zambrano. It also highlights the overarching importance of the historical moment and the authors' different intellectual responses from the privileged perspectives of their respective careers. The assumed hypothesis is that the authors developed work that clearly responds to a pressing need: To solve social and political problems while also attempting to develop a coherent narrative to overcome the mistakes of a Reason unable to cope with new challenges. While the thematic choice and the analysis of certain characters is new, it is also a renewal of interests and themes rooted in our cultural underground.

KEYWORDS: María Zambrano; Rafael Dieste; poetic reason; Second Spanish Republic and Civil War; decentered subjects.

Nos albores do século das grandes guerras xorden novas sementes transformadoras dunha modernidade que esmorece. Desde o vello *logos*, ou contra el, ascenden correntes de irracionalismo, vitalismo, fenomenoloxía, novas lecturas do marxismo, a superación da modernidade. Ao mesmo tempo, un pensamento máis ou menos subterráneo, enraizado no pobo, ensina unha faciana da reflexión hispana diferente á das grandes autoestradas intelectuais. O pensa-

mento peninsular amosa unha perspectiva xenuína, non elaborada por filósofos especialistas senón pola obra de escritores que mediante o drama, a poesía, a mística, a novela... permiten albiscar a sinuosidade dun saber de fonda raíz popular. Aceptar santa Teresa, san Juan de la Cruz, Miguel de Molinos, Cervantes, Galdós e tantos outros, como as voces que proceden a vehicular ese discurso vai sendo un feito constatado. Unamuno, Ortega y Gasset e Antonio Machado transmiten claramente isto que lonxe de subestimar a nosa cultura, ensaríllaa nun país cunha idiosincrasia particular e diversa da cultura centroeuropea. A teima da cultura popular acada cotas relevantes de interese non só no plano da escrita senón tamén na arela política do movemento republicano.

O período inicial do traballo intelectual dos autores que nos ocupan abrangue os anos vinte e os primeiros trinta. Etapa na que unha Zambrano e un Dieste mozos decátanse do contexto cultural e política que lles tocou vivir. É unha etapa previa ao seu contacto e amizade. Espazo temporal no cal van callando as personalidades e intereses intelectuais e políticos, momento no cal toman conciencia sobre o percorrido que virá. Anos tamén de compromiso activo nun tempo no que xa entenden que o problema dos totalitarismos sobrevoa como unha forte posibilidade. Esta década vese acoutada entre o perigo das ditaduras e a utopía republicana. Sentires que aparecen plasmados en breves pero intensos escritos, intervencións nos diarios, nos que xeran opinión pública e compromiso activo.

Son características da fasquía política da autora a raíz popular, o rexeitamento radical do fascismo, o afastamento do comunismo e do neoliberalismo (Mora García 2005: 302-316). Ningún destes atributos disente da cara política do seu amigo rianxeiro. Tanto a familia Zambrano como a Dieste tiñan nutridas bibliotecas e un grupo de distinguidos amigos cultos cos que compartían inquietudes e diálogo frutífero. Formaban parte desa pequena elite de cidadáns con posibilidade de acceso á alta cultura. De aí que non deba abraiar a coincidencia de textos lidos por ambos os dous: Schopenhauer, Nietzsche, Scheler... Facíanse eco dunha especie de credo recibido polo que tiñan que pasar. Tamén é certo que Dieste posúe un marco cultural diferente sendo galego, de Rianxo, e amigo de figuras tan sobranceiras como Castelao, Manuel Antonio, Roxerius... Esa tradición deixa a súa pegada nos textos da primeira época na que o tema da lingua, da nación e da acción política xira arredor do pobo galego.

A Zambrano dos anos vinte descubrímola nos artigos xornalísticos, nas cartas e na súa primeira obra publicada, *Horizonte del liberalismo*. O marco de

acción da autora nestes anos queda recollido en producións plurais que tocan dende a reflexión sobre as mulleres, ao activismo político pro-republicano así como novas inquiredanzas que xa apuntan cara a un pensamento xenuíno.

A súa escrita nos anos vinte é a que aglutina directamente maior temática política e social. Motivación non extravagante se temos en conta a necesidade que teñen as forzas políticas e os intelectuais de subverter a orde da ditadura primoriverista. Dieste farase eco tamén desta necesidade de transformación social a través da súa escrita xornalística. Hai temáticas que responden a contextos e identidades, as mulleres en Zambrano, o galeguismo en Dieste. Pero mais aló destes conxuntos dispares conviven unhas zonas de reflexión que describen intereses xeracionais moi irmandados.

A primeira de todas as confluencias xira arredor deste novo sentir que fai da cultura popular o *humus* da alta cultura. Non é de estrañar que a primeira das experiencias que os xuntara foi as Misións Pedagóxicas. Os espazos de encontro resultaron escasos e sen embargo non deixaron de sentir a proximidade das «notables coincidencias». Aquelas que os atraen nos tempos tráxicos da contenda bélica e que os afastan no exilio.

María Zambrano e Rafael Dieste coñécense no faladoiro do café La Granja del Henar, lugar mítico por onde transitaban grandes persoeiros da cultura e da política no Madrid dos anos 20. A filósofa non deixa constancia das datas nas que se coñecen. Rafael Dieste viaxa a Londres en 1928 para reencontrarse co seu irmán Eduardo, onde exercía como cónsul de Uruguai. Semella oportuno pensar neste ano xa que a autora fala desta coxuntura nun artigo dedicado ao autor (Zambrano 1985). Na casa de Eduardo pasa un trimestre e, tras un período en París e outro en Rianxo, en 1930 volverá a Madrid para instalarse e celebrar a República.

No ano 1932 Rafael Dieste ingresa nas Misións Pedagóxicas e consolida a súa amizade con María Zambrano (Leyra 2014). No artigo «Rafael Dieste y su enigma», María Zambrano recoñece un verdadeiro filósofo, un pensador sólido. Entende o novo amigo sobrepasando á filosofía. Como galego irmandado á gloriosa estirpe de Valle ou Rosalía. Chega a pensar que procedía de Alemaña, país que tanto contribuíra na formación do seu mestre Ortega.

Ortega y Gasset nas *Meditaciones del Quijote* afirma que Kant fixo unha aguda observación ao lembrar que os turcos cando viaxan caracterizan a cada país segundo o vicio que practican. Estes sitúan España como o país dos antergos. Os mortos seguen gobernando sobre os vivos (Ortega 1983: 324-325). A importancia da memoria, da historia e do pasado aos que apela Ortega neste

escrito de 1914 vai ser un lugar común na atención dos pensadores. A idea de manter vivo o pasado do que nos fala Ortega mestúrase coa idea de pobo que terán moi presente os autores republicanos. Por outra banda, en Zambrano e Dieste o comezo das súas tarefas intelectuais vese dominado por certas directrices estéticas e reflexivas. A escrita de Dieste no seu libro de ensaio filosófico *El alma y el espejo* presenta algunhas cadencias estilísticas que o ligan á fondura expresiva de Zambrano. O peso da retórica modernista, tan presente en Ortega, como ten sinalado o profesor Aranguren ao falar do pai da Escola de Madrid, está no aire, nos textos desta xeración. Zambrano e Dieste semellan poetas máis que ensaístas ou filósofos. Ortega dicía que «ou se fai literatura ou se fai filosofía», malia que non deixou nunca de falar mesmo absténdose de ser fiel a súa sentenza. Así o expoñía Aranguren: «Polo mesmo que hai esta distinción interior entre a idea e a palabra, o pensamento de Ortega é máis separable —nunca é completamente separable o pensamento da palabra— pero é máis relativamente separable que no pensamento de María Zambrano. O pensamento de María Zambrano é verdadeiramente un pensamento poético» (Aranguren 1983: 113). Podemos estender esta reflexión ao caso de Rafael Dieste, sobre todo ao de *El alma y el espejo*. Nin Rafael Dieste nin María Zambrano foron filósofos no sentido disciplinable do termo, segundo Aranguren.

Grandes coñecedores da tradición occidental, María Zambrano acrisola toda unha tradición na que conflúen o pensamento europeo, a filosofía alemá, importada por Ortega e máis adiante por Zubiri, e, por outra banda, o pensamento oriental. De menor transcendencia se cabe é a amplitude de miras filosóficas que Rafael Dieste denota neste ensaio.

Dieste era gran coñecedor da matemática, da literatura e do ser humano. Lémbrese que tamén Zambrano é unha autora que rende grande admiración pola música, polo pitagorismo. Na súa obra persiste o intento de recuperación no ritmo poético, dun saber inicialmente rexeitado. Número e música son constantes en ambos autores.

Tanto María Zambrano como Rafael Dieste farán a través das súas obras un esforzo por mergullarse nas capas populares e darlles voz, inquedanza que quedará recollida na colaboración que levan a cabo nas Misións Pedagóxicas. No artigo que María Zambrano dedica a Rafael Dieste percíbeo como alguén que pertencía ao seu destino. De feito, durante o seu contacto nas Misións Pedagóxicas, na visita á vila de Zulduendos, paseando María Zambrano e Rafael Dieste, nunha evocadora imaxe que a autora enmarca na claridade imantada dos bosques, imaxinan unha fundación. «E os dous sós —Rafael e mais eu—

tivemos nun só instante a mesma apetencia, a idea precisa dunha pequena fundación [...] para convivir alí un pequeno grupo de amigos de arte diverso e ata ter un prelo para imprimir nel unha revista, ou simplemente follas voandeiras sen maior aquel, e libros invendibles.»¹ Nun ambiente de pobreza extrema como na que vivían os habitantes dos pobos asistidos polas Misións Pedagóxicas é un acto case de fe o que soñan estes grandes autores. Soño que non se cumpre, pero isto non impedirá que ambos traballen en colaboración.

Nesa época, 1932, Dieste pide á Xunta de Ampliación de Estudos unha pensión para poder estudar os costumes, a linguaxe coloquial, as relacións dos distintos estamentos, (Romero 1994: 111-143). Nesta ocupación non se sente funcionario senón máis ben «un xogar de rara especie». Nas Misións Pedagóxicas non seguían un horario e rutinas dunha tarefa común senón que traballaban dun xeito vocacional sen normas fixas. Isto non quere dicir, segundo nos conta Dieste, que non fose unha empresa dura. A empresa pedagóxica foi altamente moderna para a época, dispoñían de material audiovisual, películas de Charlot, cancións populares, reproducións dos grandes cadros do Museo del Prado, etc. Introducían cada acción cultural provocando, estimulando, seducindo. Pola contra, non o facían con grande erudición, ensinaban dende o achegamento ao pobo. Para Dieste as fontes das que beben as Misións Pedagóxicas son, por unha banda, institucionistas como Giner de los Ríos, Cossío, Antonio Machado. Pero, por outra, eran xente moi nova e crítica co exceso de demanda cultural por parte dos institucionistas. Pensaban que outras eran as cousas que nas aldeas e vilas se precisaban. Ademais eran un grupo moi heteroxéneo —Sánchez Barbudo, María Zambrano, Eduardo Vicente, Ramón Gaya, Arturo Serrano Plaja, Luis Cernuda, Otero Espasandín, Emilio Azcoaga, Lorenzo Varela, Urbano Lugrís, Miguel Prieto, Antonio Ramos, Cándido Fernández Mazas...— e non reducible a unha mera liña de traballo. Rafael Dieste destaca singularmente as figuras de Cossío e Antonio Machado, «moi por enriba, ou na marxe, do ambiente da Institución». O autor de Rianxo reconece a débeda do grupo con Unamuno e Ortega, aínda que subliña certas disidencias. Mesmo fala de certas «rebeldías» no caso da discípula María Zambrano. Subliña ademais a proximidade do grupo cara a Unamuno, «máis tolo», fronte a Ortega, «máis consecvente».

¹ As traducións do español au galego son obra da autora.

Os misioneiros adiántanse nalgúns aspectos ao modelo da aprendizaxe significativa. Recitan romances e bailan muiñeiras que a xente do pobo xa coñecía. Afastábanse do intelectualismo da Institución Libre de Enseñanza para achegárense a un modelo de aprendizaxe máis dinámica e democrática na súa estrutura. Os misioneiros non son meros transmisores de cultura, son intérpretes, artistas, que empregan o seu labor como eixo de transformación social e política. Rafael Dieste déixao claro no seguinte parágrafo:

Nosoutros non lle dixemos nunca ao pobo, nin lle suxerimos de ningunha maneira, que estaban nun baixo nivel de cultura e tiña que elevarse. Sempre lle dixemos que a súa cultura tiña un valor, e que desas formas sinxelas que eles coñecían floreceran grandes manifestacións da música e da poesía española.

Pondo un exemplo. Lembro que nunha Misión nos acompañaba un inspector, que non se compenetraba co noso labor e tomaba actitudes moi distantes. Nunha ocasión fixo un discursiño no que apuntaba co dedo dunha maneira feroz cara o público para dicirlles: «Vós —de cada vez que dicía vós estendía como unha lanza o índice contra deles—, que non respectades as árbores; vós que non tendes amor á cultura; vós que estades durmidos, a ver se espertades en presenza destes señores...» Entón María Zambrano díxome: «Ben isto botouno a perder este bo home, tes que falar ti, Rafael, non hai mais remedio» (Romero 1994: 119-120).

Rafael Dieste resolve este atranco revalorizando o saber do pobo gabándoos e engaiolándoos coas súas achegas, lingua, cancións... En definitiva, a empresa era de estímulo e comunicación. Os autores estiman unha nova ruta de transformación, afastada da pedantería e das relacións de poder establecidas acotío cun pobo «pobre e analfabeto», mais non inculto.

Outro dos nexos entre ambos pensadores foi o constituído polas súas colaboracións na revista *Hora de España*. O feixe de escritores que conforman este grupo xeracional fará un quebro coa metafísica idealista que caracterizou o pensamento precedente. Cotexando a correspondencia entre ambos pensadores (1933-1974) albiscamos pinceladas claves deste bocexo. Non nos consta que tralo exilio volvesen a ter relación máis aló da epistolar. Nas cartas entre María Zambrano e Rafael Dieste sempre aparece a *praxe*, como di Dieste, traballos que publican acotío en revistas e xornais,² como as colaboracións en

² Ambos autores viviron a meirande parte das súas vidas sen ningún honorario fixo. As publicacións e as ganancias coas mesmas eran algunhas das temáticas destas cartas.

Hora de España. Na reimpresión da revista nos 70 podemos ler as palabras de Enrique Montero, «Palabras Previas», nas que reclama o renacemento deste documento de literatura, poesía, ensaio e teatro durante a guerra. Iníciase a publicación na España Republicana e remata coa invasión de Cataluña polo exército franquista (Valencia, xaneiro 1937 - Barcelona, novembro 1938).

O elenco de intelectuais que formaban o Consello de Colaboración reunía nomes como o de León Felipe, Antonio Machado, José Bergamín, Dámaso Alonso, José Gaos, etc. Tamén salientables son os escritores que se facían eco da guerra nas páxinas de *Hora de España*, como Miguel Hernández e José Herrera Petere. O papel da poesía neste momento histórico veu anunciado, para a malagueña, por Juan Ramón Jiménez. Pero foron Lorca, Alberti, Gerardo Diego, Salinas, Emilio Prados e Cernuda, entre outros, os que foron quen de *adelgazar o idioma* albiscando o afundido, a escuridade das entrañas. A palabra poética é a palabra inicial, eco da realidade. En troques, a fala espontánea é entendida por María Zambrano como mentira, palabra alienada. No *Epistolario amoroso* entre R. Dieste e a súa muller, Carmen Muñoz (Dieste 1995: 116), o escritor alude tamén á poesía, na carta do 21 de marzo do 1939 dende Poitiers, nestes termos: «Hai un pouco víñanme á imaxinación unha morea de cousas das que me dis nas túas cartas e tiña contigo unha animada conversación na que che consultaba asuntos moi serios (é dicir de literatura ou, mellor dito, de poesía, que é o máis serio da literatura)».

O xiro lingüístico que se produce nesta xeración insírese na crítica aos vellos discursos que xa non serven como canle de transformación. Unha das claves para cambiar a realidade consistirá en achegarse as capas populares, embebéndose no seu mundo. Este proceso non será angueira exclusiva da poesía, o drama, o teatro tamén van xogar unha salientable partida. O Rafael Dieste de *La vieja piel del mundo* é «un verdadeiro mestre, un mestre sen cátedra, dos que din as súas parábolas nunha praia ante un auditorio de pescadores ou ante un grupo de campesiños» (Altolaguirre 1977: 59-60). Nesta nietzscheana obra de Dieste atopamos liñas de conexión inevitable con Zambrano. O peso da obra de Nietzsche nesta xeración é patente. Dieste chega a dicir: «A poesía, o mito, a historia universal, é verbo dun nome que non se deixa aprisionar» (Dieste 1981: 210). O contexto do drama e o da poesía amósanse receptáculos idóneos para esta tarefa de re-conceptualización. Máis que de novas procuras trátase de rachar co discurso trazado para avistar horizontes doutrinais alternativos. No caso de Zambrano o interese por pescudar un novo *logos* sempre estará trabado á *poiesis*. Razón poética que podería ser chamada «razón plástica» no

senso de que as palabras andan apuntando imaxes máis que ideas. E, no caso de Dieste, pódese tamén albiscar unha liñaxe común. «A razón poética que ilumina a obra de Dieste funciona tamén como principio inductor dunha determinada selección estilística» (Casas 1994: 303).³

Outra das claves xeracionais do grupo *Hora de España* ficará acoutada no emprego da palabra sen construcións denotativas. Non só a metáfora senón unha ampla simboloxía será empregada na escrita destes pensadores. Simboloxía que intenta apresar o clamor do pobo pola canle da poesía. Dieste, neste sentido, retomará o enclave paradoxal do eterno retorno nietzscheano para lembrarnos que debe ser interpretado na historia.

Como se concilia o sentimento dionisiaco da eternidade prometida —ou da eterna xuventude— co universo histórico? A confianza dionisiaca na aparencia, o amor ao mundo e ao regalo primaveral da súa manifestación, crea o anxeo de presenza. Os gregos quixeron ser testemuña do mito antepasado e da orixe da súa propia razón [...] Pois toda traxedia é en principio, xurídica, e nela preitea o home coa divindade [...] A traxedia grega non é conciliación, senón acto. Pide nome á historia universal (Dieste 1981).

Demanda xurídica dun tempo nun momento histórico peculiar. Zambrano tamén retomará o interese polo tempo partindo dunha visión da eternidade na que conflúen a tradición grega e a cristiá. Os soños sérvenlle de «datos», de sentires, de impresións onde pescudar a súa investigación sobre o tempo. Sendo tamén a traxedia unha das canles para artellar dita proposta (Altolaquirre 1977: 59). Nesta dirección Dieste apunta: «A traxedia noméase sen palabras —pois estas son para definir a figura do seu propio silencio—, porque é en si un acto litúrxico de adoración» (Dieste 1981: 214). A filósofa non anda moi afastada cando fala da traxedia grega recorrendo á linguaxe da piedade. «A piedade maniféstase na linguaxe sagrada, que é acción. Acción que establece —revela— unha orde sen pretensión de creala, con sabedoría inocente» (Zambrano 2007: 206). A autora pretende restituír na linguaxe o seu dicir máis entrañable, desvencellado de todo idealismo. Rescatar o fondo escuro do sa-

³ Nunha nota ao pé da páxina 42 Arturo Casas denuncia o inxusto emprego de xeito exclusivista da razón poética para referirnos á obra zambranianiana. Agarda que esta teña tamén un senso máis ancho e, polo tanto, extensible á obra diesteana e de outros autores da *Hora de España*.

grado baixo un ritmo perdido no home racionalizado é tarefa da poesía trágica. Entende que ata a irracionalidade tende a atopar un certo sistema. Ritmo que se expresa na música, matemática ao cabo, pensa a autora *pitagorizando*. E case empregando o mesmo léxico que Dieste, afirma:

A traxedia grega é a madurez deste modo de expresión: conxuro, invocación, dices, que se repiten de tempo inmemorial, linguaxe da piedade; xénero clásico do mundo arcaico. Oficio da piedade, do sentir que é facer e coñecer; expresión e fixación dun orden que da sentido aos sucesos indicibles; una forma de liturxia (Zambrano 2007: 209-210).

Ambos autores déixanse impregnar polas obras de Unamuno, Ortega, Dilthey e Heidegger. Máis aló de Nietzsche intentarán atopar un sentido do tempo histórico no que a piedade comece a exercer o seu carácter mediador. Cristina de la Cruz Ayuso afirma na súa tese de doutoramento que é nas cartas de María Zambrano a Rafael Dieste onde por primeira vez aparece expresamente o tema da piedade na autora malagueña (De la Cruz 2000: 259).

Na traxedia evidénciase o pavoroso da realidade, o tremendo. Tanto Dieste como Zambrano nas súas andainas coas Misións Pedagóxicas foron quen de testemuñar as traxedias do que está a suceder na España profunda. Malia que é nas cartas onde ambos autores nos deixan pegada das concorrencias doutrinarias. Zambrano felicita a Dieste nunha carta do 12 de xullo do 1945 pola obra *Andanzas de Félix Muriel* [sic]. A descrición que Dieste realiza do bosque é abraiante pola proximidade á certas pasaxes de Zambrano na obra do seu período máis místico, *Claros del Bosque*. Velaí algunhas liñas do texto de Dieste:

Non basta que haxa moitas árbores. Ten que haber carreiros e debe caer algunha folla inesperada, facendo lentos xiros, ou quebrarse de pronto unha poliña seca. Todo isto sen vento nin outras causas mecánicas, pois hai en todo o ámbito do bosque unha quietude perfecta. A poliña ao romperse é como unha palabra. A folla ao caer é como un pensamento concluínte ou como unha leve advertencia, e no chan as follas caídas parecen entenderse unhas coas outras, nun tácito ensoño compartido, moi semellante ao máis remoto saber da memoria. As árbores non tremen nunca. Ignoran e confían. Son como gardiáns enormes, que se deixan arrebatar un meniño, porque non son gardiáns dos meniños, senón da súa orixe, algo que os sinala, pero que se queda alí aínda que llos leven. En canto aos carreiros dese bosque non pode dicirse que fosen impresos por pasos reiterados de xentes que seguen o mesmo rumbo. Son nomes, pero sen xentes, e é moi arriscado

camiñar por eles, como o é falar alí en voz alta, ou simplemente por propia iniciativa. Só se pode falar cunha sorte de iniciativa en todo semellante á máis fonda pasividade, é dicir, converténdose en paxaro «para ser do bosque» (Dieste 2004: 11-12; tradución da autora).

En Rafael Dieste atopamos a influencia do pensamento heideggeriano como nos seus achegados, Colmeiro, Maside, Souto, renovadores da plástica galega. De feito, cando María Zambrano coñece a Rafael Dieste no café La Granja del Henar, discuten ambos sobre a insuficiencia da fenomenoloxía. Nunha carta da autora a Rafael Dieste escrita o 4 de xaneiro do 1974 desde La Pièce afirma: «E recordo cando falei contigo por primeira vez na terraza da Granja del Henar —que é de Lugrís, que de Farias? — e crin que viñas de Alemaña de estudar con Husserl» (Axeitos 1993: 112; tradución da autora). Na mesma carta a Rafael Dieste, María Zambrano afirma o seguinte sobre o seu libro *Claros del bosque*: «fatigoume moito o rematar *Claros del bosque*, libro moi diferente por ser máis meu, de todos» (Axeitos 1993: 123). Son trinta os anos que separan *Historias e invenciones de Félix Muriel* de *Claros del bosque*.⁴ Porén as concorrencias co devandito texto e o comezo da obra da autora malagueña son salientables:

O claro do bosque é un centro no que non sempre é posible entrar; mírase desde o linde, e o aparecer dalgunhas pegadas de animais non axuda a dar ese paso. É outro reino que nha alma habita e garda. Algún paxaro avisa e chama a ir ata onde vaia marcando a súa voz. E obedéceselle; logo non se atopa nada, nada que non sexa un lugar intacto que parece terse aberto nese só instante e que nunca máis se dará. Non hai que buscalo. Non hai que buscar. É a lección inmediata dos claros do bosque: non hai que ilos buscar, nin tampouco buscar nada deles (Zambrano 1977: 11).

A mística que ambos autores exhuman nos textos anteriores recolle como centro a idea dunha natureza que se pode identificar coa *physis* presocrática analizada por Heidegger. Unha presenza que non é mera aparencia, saída do acochado, saída cara á luz. A natureza amósanos o que sae á luz, ao claro, o abrollar esencial. Nesta liña volvía a expresarse o autor galego en *La paloma*

⁴ Obra descoñecida en España durante tres décadas. Así o afirma Cristina de la Cruz Ayuso na súa tese de doutoramento (2000: 248).

Equis: «O lugar do oculto sinálase por converxente inversión dos mesmos raios con que nos toca o manifesto, o radiante. E sen ese “lugar” é van falar de ocultación» (Dieste 1981: 153). En ambos autores a natureza ofrécenos o seu fastío máis enigmático, o recurso ao divino, ao innomeábel. Esixindo ao ser humano un saber que reclama deste a pasividade. Hilozoísmo nunha natureza que comunica con espazos non varridos polo *logos* dominante. *Physis* na que conflúen o vivo e o divino nunha epifanía do misterio.

Volvamos de novo á carta do 12 de xullo do 1945, que a propia autora denomina de *bussines*. Zambrano eloxia nestes termos a nova creación literaria de Dieste: «Desexaría que as *Andanzas de Félix Muriel* non se tivesen publicado para lelas de novo, aínda que claro está que as teño lido varias veces ¡que consolo e que gozo! ¡canta felicidade poderíamos gozar na terra se nos deixasen nada máis que un pouquiño [...]!» (Axeitos 1993: 116). Nesa carta Zambrano fala dun proxecto para a colección Oro, colección que pertencía á editorial Atlántida e, segundo Axeitos conta, foi proxectada e deseñada por Carmen Muñoz e Rafael Dieste. O traballo é nin máis nin menos que a *Historia de la Piedad*, obra que nunca chegará a ser realizada, de aí a importancia dos «esbozos conceptuais». Posteriormente dedicará os seus esforzos á temática da piedade formando parte dos ensaios de *El hombre y lo divino*. Dieste facilita a Zambrano algunhas das publicacións incluídas na colección.

A temática da piedade en Zambrano é moi recorrente, case un fío condutor da súa axioloxía. «A piedade é o saber tratar adecuadamente co outro [...] sempre se refire ao trato de algo ou alguén que non está no noso mesmo plano vital; un deus, un animal, unha planta, un ser humano enfermo ou monstruoso, algo invisible ou innominado, algo que é e non é» (Zambrano 2007: 193-194). Ao final do capítulo a filósofa ponlle cara á piedade, a faciana dunha caste máis que dunha persoa, a de Antígona. Na obra de Dieste *La vieja piel del mundo* unha vez máis atopamos a concordancia de ambos autores ao coincidiren nos modos de representación.

A piedade, cando é presenza de espírito que acompaña en tempos terribles e é fiel e firme como Antígona, vale moitos luceiros. Non atopa conclusión: Nietzsche amou os ollos quedos de Antígona e viu o seu silencioso resplandor polos camiños do espanto e amou a súa eternidade. E tamén cómpre dicir que a serena paixón tráxica implica o sentimento de que toda manifestación, se é íntegra, é recíproca, ou clama ao misterio reciprocidade de presenza; e por iso el dixo con toda a súa enteireza: ‘Ámote, eternidade’, sincerándose a ela (Dieste 1981: 218).

Este ensaio foi concibido por Rafael Dieste na primavera do 1935, empregando o título dun soño de Carmen Muñoz. Soñou que escribía cunha pluma, moi Santa Teresa di ela, un libro. No soño Rafael Dieste ía detrás dela preguntándolle sobre o que escribía e ela respondíalle: «La vieja piel del mundo» (Rei 1987: 77). Libro que, como vimos dicindo, escribe Rafael e non a Carmen do soño. Se Zambrano tiña ou non a idea de relacionar a piedade coa caste de Antígona non o sabemos. Mais parece que hai unha serie de confluencias que calan no seu estudo da piedade. Entre elas atopamos o pensamento de Unamuno, de Scheler e Nietzsche, entre outros. Non podemos dicir que Dieste abraise os ollos de Zambrano con esta conexión, pois a personaxe de Antígona estábase a representar e reescribir profusamente nese intre histórico, como é lóxico. O que si salientamos é a fugacidade desta conexión en Dieste, aludindo a Nietzsche, que logo atoparemos constantemente na autora. Pódese falar de comunidade simbólica en ambos pensadores.

Outra das afinidades é a postura cordialmente incomoda que os caracteriza. Zambrano comeza a súa andaina na disidencia co seu mestre Ortega y Gasset. Primeira doutras tantas fracturas cos discursos canónicos. Dieste foi un home de pensamento entregado ao diálogo e debate constante. Enfrontado tantas veces, xa nos primeiros anos defendendo posturas contrarias a Manuel Antonio, á narrativa que aglutinaba o sector máis próximo do seu tempo. A disidencia é un carácter constante nos seus legados.

Como dicíamos, Aranguren entende o pensamento de Zambrano moi unido a súa palabra, chegando a ser un pensamento verdadeiramente poético. Dieste amósanos tamén unha poética imbricada na noética, creación xunguida ao acto de indagación sobre o seu sentido (Casas 1995: 52-53). A profecía, tan dificilmente alcanzable na filosofía, ten cabida en obras onde non é unicamente a creación a que a sustenta. Na obra diesteana a profecía dáse, case sen buscala, ao enxergar temáticas reflexivas de alto contido filosófico (Irizarry 1992: 42). A profecía na obra de Zambrano albíscase no sentido de que a súa filosofía non se verte en conceptos e teorías senón mediante o símbolo, a prosa poética, a imaxinación creadora en definitiva. Consiste na transmisión dun son, ou silencio tamén, que se retrae a unha matriz orixinal humana moi presente na concepción do des-nacer. Temática que ambos autores abordan a través dos seus personaxes.

Os espazos libres ansiados polo poeta (Colinas 1983: 103), teñen a súa conecreción nunha reflexión tremendamente importante no traballo de Zambrano. Referímonos ao eido dos soños. Tratamos de debullar tal aspecto máis non sen

antes sinalar os xeitos de abordar a profecía en ambos pensadores. A elección diesteana dos personaxes constitúe a chave do elemento transcendental da profecía sinalada por Foster (en Irizarry 1992). Estes abren paso cara a eses «espazos irradiadores dunha corrente que flúe baixo toda a obra» (Irizarry 1992). En Zambrano este elemento amósase na base estrutural da súa propia ontoloxía. Os soños constitúen na obra da autora a temática portadora da corrente subterránea. Conforman o plano que irradia a heteroxeneidade das categorizacións fenomenolóxicas máis salientables nos seus textos. Amosando a vertente na que a vida comeza tanto a nivel individual como colectivo.

Individualmente as experiencias diversas da vida non poden ser acollidas polo noso presente pola súa fugacidade (Zambrano 2004: 86). A corrente dos acontecementos non atendidos polos «tentáculos do *logos*» non perecen sen máis. Conforman o plano do incognoscible, o que estando á marxe da cautela da razón permite a súa constitución na vixilia. O ser humano emerxe dende niveis que só son comprendidos en clave natural. A *physis*, a *fisionomía* que nos ocupa, aséntase na non bipolarización natureza/razón, natureza/cultura. Bipolarización propia do racionalismo moderno que deturpa claramente. Anular certas fronteiras supón unha aposta por unha ontoloxía non clausurada en compartimentos. A liberdade no fluír do real vén orixinada por un diálogo constante entre as rexións anteriormente amuralladas.

Zambrano lémbraunos que non é o concepto o receptáculo desa cognición que ela buscaba, que reclamaba nunha carta a Dieste de 1944 (recollida por Axeitos), a procura da *razón poética*. Esta razón atópase sustentada sobre a *concepción*, non sobre os conceptos. Concibir é un acto físico, diverso e maioritariamente involuntario. A natureza concibe constantemente; plantas, animais, criaturas ben formadas e aptas para a supervivencia. Tamén concibe seres inacabados, metamorfoseos erráticas, mutacións propias da prodigalidade da *physis*. Os vertidos subterráneos afloran en outras formas de vida. Criaturas e acontecementos fallados posibilitan, dende a súa categoría de baleiro inicial, o *poro* necesario que abre a chave da liberdade. Pensar é dar tempo. O tecido onírico sérvelle á filósofa de escenario e fío condutor en textos nos que os personaxes lanzan mensaxes alí onde a descrición se torna inútil.

Temos unha topografía na que os protagonistas inciden no valor da perda e a carencia de culpa nese proceso. Ese é sen dúbida o ánimo da autora cando se vai trocando en personaxes como a mendiga ou Diótima, Eloísa, deixando trazos do seu propio ser.

Só son unha criatura e xa vedes o que teñen feito de min. Cometín en verdade ese crime? Eu non o lembro: o feito. O que se di o feito non. Pero, vou dicir acaso que son *inocente*? E os crimes que teñen feito os demais, os que hai ao meu carón e ese outro: todo o que non fixen? E se mo imputan, vou deixar a todos tan mal dicindo que non, que me calumnian, que son *inocente*? A miña *inocencia* é así un insulto. E eu non o quero; esa non é *inocencia*. *Inocencia* é so a que recata e trae luz e paz a todos, ao menos aos que están preto. A *inocencia* é como a música (Zambrano 2002b: 67).

Latexa nestas palabras, se o interpretamos en clave histórica, a violencia que recae sobre aqueles que, sen ser culpables, tiveron que asumir o peso dun crime xamais cometido. Son os republicanos que, trala derrota, tiveron que abandonar todo, partir a outras terras e convivir con outros seres e ás veces falar noutro «idioma». A mendiga é o ser que María Zambrano recrea entre a tolemia e a cordura. Ela séntese unha mendiga enmascarada que, precisamente por non poder selo, toleou. Estigma sobre estigma, perdelo todo por unha banda, e non poder recoñecer esa perda, por outra, como condición esencial. E ao non selo, ao non poder ser mendiga, o suxeito alienado, afastado de si, choca coas máscaras dos seres aos que si lles está permitido presentarse, aínda que o resultado, o prezo, en definitiva, sexa a loucura; de non poder ser mendiga, de non poder aparecer ante os outros como un ser desposuído, abocado á esmola.

O breve texto ao que nos referimos pon voz renovada a Antígona ou á Nina galdosiana. Personaxes que non son tal, persoas realmente, facianas de Zambrano nas que vai facéndose patente a tesitura temporal. O tempo dos soños é ese tempo xenuíno onde se manifesta a atemporalidade (Zambrano 1986: 56).

Para Zambrano a mesma realidade posúe a tesitura dun soño, procede dun estrato escuro, dun enigma que necesitamos descifrar. Poñer faciana aos acontecementos vitais constitúe a comprensión dos mesmos.

En Dieste o tempo non deixa de ser o elemento que, afastado da horizontalidade cristiá, abrangue todo un feixe de matices. En reiteradas ocasións Zambrano rexeita tamén a historia continua dos vencedores. O común en ambos casos é a procura da esperanza. O autor galego nunha obra de xuventude vai deterse nesta singular encrucillada. Fala dos distintos tempos, o tempo dos novos, o tempo dos vellos e o tempo dos antigos. Os dous primeiros que describe non nos sorprenden, explícanos algo recorrente no ciclo vital. O tempo dos antigos é un *topos* onde o real e o imaxinario se mestu coas brétemas que sempre van «desdebuxando» o pasado humano, literaturizándoo todo (Dieste, 1981, 58-59).

O tempo deixa de estar rexido polo democrático cronómetro para ser «criatura humana» dotada de liberdade. Dalgún xeito o tempo abandona a preeminencia de ser categoría directora para volverse instrumento axiolóxico da condición humana. Eliximos a categorización do noso tempo pensando que é ese tempo quen nos marca o método, o camiño a seguir. Non importa que o tempo dos antigos non existise, que non teña cabida nos anais históricos porque o desexo é o que lle outorga a súa cabida. Na historia humana non só teñen lugar os acontecementos que nos devolven a mirada dos outros. Hai o non recoñecido, as experiencias que a propia intimidade dirixe na absoluta escuridade. En ambos os dous autores o *étos* sustenta o que hai, e malia ser o chan oculto, sérvelle de *humus* á codia do aparecer canónico; o ético como raíz primixenia do *topos* humano.

Un breve relato no cal Dieste apela ao espazo dos excluídos pódenos servir como mostra indicativa destes aspectos que amosabamos en Zambrano. Referrímonos a «O vagamundo» (Dieste 2002: 37-40). Neste conto o personaxe é cicelado dende parámetros que poden ser adscritos aos que Zambrano emprega ao estudar a piedade. O Vagamundo diesteano, como a Mendiga zambranianiana, responden a unha concepción do ser humano primordial. Desposuídos de roupas e abrigos que os outros humanos, os recoñecidos, amosan entre outras das capas do seu estar no mundo. A elección deste personaxe é clave para comprender a conexión entre o concepto zambranianiano de piedade e os intereses diesteanos. Nas encrucilladas das aldeas galegas aparecen estes seres limiares, portadores dunha alteridade representativa do negativo social (Gondar 1993: 92). Estes personaxes, fora do control social, supoñen o eido do non coñecido, do que non pertence aos nosos símbolos máis profundamente aceptados. Non é difícil extrapolar esta dimensión do mendigo, do vagabundo galego plasmado na obra diesteana, cara a un universal simbólico, outra cara do humano.

Os autores que traballamos non adoitan esculcar o envés sen redimilo, de aí a piedade. Se Zambrano pode agocharse tras a imaxe dunha mendiga, Dieste préstase ao xogo das inversións outorgándolle a tenrura precisa ao mal-dito personaxe. «El tiña fortes brazos capaces de apreixar ao máis rebelde». Ten forza física para enfrontarse con ese pobo que descoñece os nós da súa biografía, pero non o fai. «Aquela superioridade súa na silvestre vida de nenos, xa non abonda para ser home respectuoso e ben considerado na vila». Conforma o grao no que o humano desaparece. Ao ser unha aparición, unha *pantasma*, móvese pola curva do caído como os acontecementos perdidos, sen presente,

deslizándose por debaixo do tempo. Estamos falando do territorio da *physis*, da inversión do humano ata a caída ou des-nacemento. «Fuxiu coa ingravidez dunha pantasma ou dunha avelaiña».

A *estirpe de Antígona* zambraniana apunta algunhas concomitancias con personaxes que Dieste introduce nos seus relatos achegándolles o selo dunha determinada posición temporal. Un peculiar sentido da transcendencia e da pasividade. Así «O vagamundo» ou a Estreliña de «A morte de Estreliña» en *Dos arquivos do trasno* representarían esta reflexión. «E un día Estreliña morreu. Estaba no cadaleito bonita coma sempre, e tan campante. E a nai, e a irmá casadeira choraban e lembraban as cousas miúdas que a miúda Estreliña facía tódolos días» (Dieste 2002: 50). Pasividade que non debe ser entendida como ausencia de acción senón como a resposta a un estar inserido a unha forma de renuncia. No caso do Vagamundo, a marxinalidade e a carencia fano sospeitoso, diferente. Estreliña, na obediencia extrema, so é o que os outros lle mandan ser. Na pequenez corporal e na morte, estaba «tan campante», recibindo obediente —estoicamente— o «tempo» que lle tocaba «vivir».

Arturo Casas insiste na relación entre Dieste e os renovadores da plástica galega (Maside, Colmeiro, Souto...). Un dos *supostos* que manexa remítenos á procura da «contención e dignidade pausada na figura humana, a chamada estética do granito» (Casas 1994: 182). Esta caracterización, poderíamos dicir pétreo, dalgúns personaxes ponnos na tesitura do tempo antes anunciado na escrita zambraniana. Un estar e ser en todos os tempos como o propio Dieste dicía de Valle Inclán evocando o tempo suspendidos nos soños, ou o tempo heroico dos antigos, ese estar tan campante de Estreliña na morte, ou a renuncia estoica tamén do Vagamundo a se defender dos ataques dos outros. Ese tempo «outro» que empra a ao propio individuo a entender o *oficio de piedade* tamén como trato co «outro» dentro do propio ser. A dimensión social da piedade adquire tamén a dimensión individual do diálogo interno e a procura da autoaceptación. O individuo que na súa situación ás veces fantasmal, invisible, acepta «pasivamente», non se opón a ser o que é. Neste senso Zambrano reclama a actitude estoica da resignación vencellada á *razón mediadora*, de natureza persuasiva, lenta e sempre esperanzada (Zambrano 2002a: 44-45).

É frecuente en María Zambrano plasmar estas reflexións recorrendo a experiencias directas. Mesmo cando o fai dende personaxes imaxinarios estes acaban posuíndo notas claramente contrastables na súa vida. Algunhas das figuras da contorna de Zambrano presentan problemáticas implícitas na súa deriva testemuñal. Pensemos en amigos e familiares, persoas cun discurso preparado para

escoitar e entrar en diálogo coa filósofa. Algúns, coma ela, pertencentes ao grupo dos exiliados servirán para marcar o cerne das súas preocupacións reflexivas.

Tanto Zambrano como Dieste refírense a algunha especie de ser non estritamente definido na categoría de humanos e viventes. Esta ambigüidade fainos sospeitar nun enclave paradoxal onde as criaturas nadas da mente dun autor, ou na tesitura dun soño ou talvez pesadelo, adquiren o mesmo plano que os nados. Estes seres teñen a peculiaridade de atoparse nun tempo que os aproxima e os segrega do resto sen importar se son vivos ou mortos, nados de nai ou criaturas librescas.

Na obra *Filosofía y poesía* María Zambrano apostaba por un pensamento tolerante fronte á concepción dominante. Dicir tolerante ten un sentido altamente dilatado porque non só atinxe a vertente epistémica da súa reflexión senón á interpretación ética e política da mesma. Confronta a súa concepción do discurso filosófico coa tamén súa concepción do dicir poético. O curioso desta oposición consiste na fusión final de ambos eidos facendo escorar a razón discursiva cara á poética. O máis elemental é que a poesía tamén pertence ao ámbito racional e non ao mero espazo das paixóns. O resultado achega certa «humanidade» a ese saber que pintaba divino. Con isto quérese dicir que o rescate da poesía para á razón non é menos importante que o rescate da razón para a poesía. A poesía deixa de ser fume para erixirse como un novo marco de investigación filosófica. Zambrano non descubre só «unha razón máis ancha» coa razón poética, descobre que a razón vai poder ter por obxecto de estudo espazos vetados e que estes están especialmente interpretados por uns actores determinados. Aqueles que non teñen necesidade de ser tomados como canon de ningún rexistro histórico ou cultural, máis ao contrario, son o eco dunha voz silente e pouco rexistrada. Tanto a razón como a poesía vense contaminadas dalgunha maneira.

Esta razón, tamén compartida nos traballos de Rafael Dieste, mergúllase nun ser, nunha criatura cotiá. Poderíamos dicir que é abordada, tomando prestados os termos do mundo da ciencia natural, tanto a nivel ontoxenético como filoxenético. A razón ten que retrotraerse a súa orixe, ao principio, ao momento no que esta non era algo diverso do mundo da imaxinación: «a imaxinación tamén ten raíces». Por outra banda, o individuo debe rescatar o seu punto de partida. O exilio como condición ontolóxica humana supón un volver sempre, ou non deixar nunca, de estar apegado ao lugar do orixe. Estas dúas condicións aparecen nas obras de ambos os dous autores, a partir da súa escrita reivindicando o literario como eido propio da reflexión.

Concluindo diremos que, alén das diferenzas, dos seus caracteres xenuíños e orixinais, dos seus procesos creativos e evolucións, os traballos de ambos autores reflicten algúns aspectos de moita proximidade. Empezamos falando doutros aspectos como a importancia da oralidade, que ten moito que ver co lugar do cal se parte. Se a historia das comunidades é escrita pa vencedores, Zambrano e Dieste comezarán pola vindicación da palabra no seu estado nacente, a palabra-voz. A casa do ser heideggeriana a partir da cal eles deciden comezar o seu discurso, non é unha casa patricia, é a casa do pobo. Cando deciden este punto de partida, están apostando por un pensamento arraigado no popular, no chan inmediato do traballo físico, das festas, do corpo en definitiva. A oralidade dos xogos entronca perfectamente coa visión de quen entra no mundo imitando e repetindo condutas e cantos que poden ser alterados. De aí o xogo. E na alteración dos camiños coñecidos por un pobo nacen os cambios e alternativas. Ao xogar coa linguaxe María Zambrano descobre un universo rico en imaxes matéricas pertencentes a unha visión onírica do que hai. O xogo de María Zambrano consiste en non repeler do seu periplo filosófico aquilo que lle pode producir enriquecemento ou ensanchamento do campo visual. Os xogos da linguaxe dos que nos falaba Wittgenstein están agora baseados en regras de aprendizaxe persoal. Dieste e Zambrano elixen un camiño que sendo proxectivo non perde de vista a memoria a prol da revalorización de todo aquilo que, sen trazar os epígrafes das grandes páxinas históricas, conforma a sustancia conxuntiva e semente de calquera fenómeno creativo humano. A construción de personaxes en Dieste sempre vai ligada a un fío que irremediamente nos traslada a Rianxo (Casas 1994: 307) e as súas experiencias primeiras. Experiencias aprendidas no marco do trato directo coa realidade do seu pobo.

Nese traxecto vanse mostrando os símbolos que disparan feixes de significacións diversas, antagónicas dunha visión do concepto clausurada, aposta polo símbolo como pegada do rexistro da experiencia transcendente do misterio. Ángulos mortos recuperados para o proceso creativo e performativo.

Primo Levi, ante as críticas, que non o consideraban máis que un caso raro no pensamento, sentíase como un estraño escritor, un centauro: medio químico, medio narrador, medio xudeu, medio italiano. A monstruosidade de quen, non pertencendo mando homoxénea, se sitúa nos camiños diverxentes sen grupo de referencia nin territorio. Mirar é unha tarefa complicada cando o que hai é novidoso e a nosa retina négase a interpretar visións complexas. A pensadora de Vélez definía no seu primeiro libro o ser humano como centauro

ontolóxico. Percorre, como o autor de Rianxo, os camiños contraditorios do humano. Neses roteiros híbridos, eles aínda son quen de transitar espazos por trazar, des-fronteirizados, enriquecidos coa plasticidade dos grandes creadores. A memoria zodiacal diesteana, a razón mediadora zambraniana, constitúen arquitecturas, pontes, entre o suxeito e o universo que convidan a ser comprendidas de moitas maneiras.

CONCLUSIONES

Entendendo que as formas de canalizar estas temáticas non seguen un curso unitario, considérase obvio que non imos calzar a María Zambrano no zapato de Rafael Dieste nin viceversa. Máis aló da heteroxeneidade que marcan os seus percorridos albíscase un espazo común de notables confluencias. Ese espazo, periférico, outorga nas producións dos autores republicanos a cerna das súas escritas.

Acoden a suxeitos que, descentrados, non deixan de dar conta, de entender, dende unhas claves difusas o acontecer máis recoñecido. Vagabundos, mendigas, tolos, dan voz a un novo coro dionisiaco poñendo sobre o pano as disidencias dos autores fronte ao discurso dominante.

BIBLIOGRAFÍA

- ALTOLAGUIRRE, Manuel (1977). «Dos libros». *Hora de España* 1. Tomo I (I-V, Valencia, enero 1937- Mayo 1937). Barcelona: Laia.
- AXEITOS, Xosé Luís (1993). «Dos arquivos de Rafael Dieste: Carta de Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste». *Boletín Galego de Literatura*, 10: 89-94.
- ARANGUREN, J. L. (1983) «Filosofía y poesía». *Papeles de Almagro, El pensamiento de María Zambrano*. Madrid: Ed. Zero.
- CASAS, Arturo (1994). *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*. Vigo: Galaxia.
- CASAS, Arturo (coord.) (1995). *Tentativas sobre Dieste*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- COLINAS, Antonio (1983). «La esencia de un mensaje». VV. AA. *Papeles de Almagro. El pensamiento de María Zambrano*. Madrid: Ed. Zero. 102-104.
- CRUZ AYUSO, Cristina de la (2000). *La piedad, el saber de participación con la realidad. Una aproximación al pensamiento de María Zambrano*. Bilbao: Universidad de Deusto, Servicio de publicaciones U. D..

- DIESTE, Rafael (1981) «La vieja piel del mundo». *El alma y el espejo*. Madrid: Alianza editorial.
- DIESTE, Rafael *Antre a terra e o ceo. Prosas da mocidade. 1925-1927*. Sada, A Coruña: Do Castro.
- DIESTE, Rafael e Muñoz, Carmen (1995) *Epistolario amoroso*. Ed. X.L. Axeitos. A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega.
- DIESTE, Rafael (2002). *Dos arquivos do trasno*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- DIESTE, Rafael (2004). *Historias e invenciones de Félix Muriel*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- GONDAR PORTASANY, Marcial (1993). *Crítica da razón galega, Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra.
- IRIZARRY, Estelle (1992). *Estudios sobre Rafael Dieste* Barcelona: Anthropos.
- LEYRA, María (2014). «Zambrano e Dieste: unha amizade na *Hora de España*». *Ágora, Papeles de filosofía* 33.1, 53-77.
- MORA GARCÍA, José Luís (2005). «Filosofía y política en el pensamiento de María Zambrano (1930-1950)». *Actas del Congreso Internacional del centenario de María Zambrano, Madrid, 2004*. Vol. II. Vélez, Málaga: Fundación María Zambrano, 302-316.
- MONTERO, Enrique (1977). «Palabras Previas». *Hora de España*. (I-V, Valencia, enero-mayo 1937). Barcelona: Laia.
- ORTEGA Y GASSET, José (1983). *Meditaciones del Quijote, Obras Completas 1*. Madrid: Alianza Editorial.
- REI NÚÑEZ, Luís (1987). *A travesía dun século: biografía de Rafael Dieste*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- ROMERO, Marga (1994). *Entrevistas con Rafael Dieste*. Vigo: Nigra.
- ZAMBRANO, María (1977). *Claros del bosque*. Barcelona: Seix Barral.
- ZAMBRANO, María (1985). «Rafael Dieste y su enigma». *Diario 16*. 26 mayo. Culturas III, 7.
- ZAMBRANO, María (1986). *El sueño creador*. Madrid: Turner.
- ZAMBRANO, María (2004). *Los sueños y el tiempo*. Madrid: Siruela.
- ZAMBRANO, María (2002a). *Séneca*. Madrid: Siruela
- ZAMBRANO, María (2002b). «La Mendiga». *Rey Lagarto, Literatura y Arte*, 50-51.
- ZAMBRANO, María (2007). «La tragedia, oficio de la piedad». *El hombre y lo divino*. Madrid: F.C.E.